



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación, en relación coas Consultas sobre decisión de someter a Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto de Planta de biomasa forestal de Mondariz (Mondariz, Pontevedra) clave 2013/0021,

EXPÓN:

- Que, como oportunamente sinalou SGHN durante o proceso de información pública do Plan Galego de Acción fronte ó Cambio Climático, o programa de mitigación debera contemplar *"A utilización de biomasa para usos térmicos industriais só despois dunha auditoria enerxética e de gases de efecto invernadeiro (GEIs) que certifique un balance favorable no consumo de combustibles fósiles e emisións de GEIs considerando globalmente a recollida, transporte, preparación e combustión da biomasa."*
- Que calquera proxecto para o aproveitamento de fontes enerxéticas renovables, máxime se está financiada directa ou indirectamente con fondos públicos, debera demostrar obrigatoriamente uns efectos neutros ou positivos sobre a biodiversidade, os espazos naturais, e os aspectos socioeconómicos.
- Que a insistencia sobre a "reducción real da liberación de gases de efecto invernadeiro" reflectía as dúbidas de SGHN sobre os supostos beneficios para a mitigación do cambio climático global que se atribúen moitos proxectos de aproveitamento enerxético de biomasa. Non só SGHN ten dúbidas ao respecto, como amosa a opinión do Comité Científico da Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA) feita pública o 15 de setembro de 2011 (<http://www.eea.europa.eu/about-us/governance/scientific-committee/sc-opinions/opinions-on-scientific-issues/sc-opinion-on-greenhouse-gas>), da que ao final deste escrito se traduce a primeira páxina.

SOLICITA:

Que o proxecto se someta a Avaliación de Impacto Ambiental e que o correspondente estudio faga unha análise previa rigorosa da súa sostibilidade en termos de:

- Reducción real no consumo de combustibles fósiles (balance favorable de TEP xeneradas fronte as consumidas).
- Reducción real da liberación de gases de efecto invernadeiro (balance favorable inmisións-emisións de GEIs, non só de CO₂).
- Efectos neutros ou positivos sobre a biodiversidade, os espazos naturais, e os aspectos socioeconómicos.

En Santiago de Compostela, a 3 de maio de 2013

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto



CONTABILIDADE DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO EN RELACIÓN COA BIO-ENERXÍA

Comité Científico da Axencia Europea de Medio Ambiente

15 de setembro de 2011

Importantes esforzos internacionais e europeos están en marcha para contabilizar e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEIs) e aumentar o uso de enerxías renovables. Varias directivas da Unión Europea alentan un cambio dende enerxías fósiles a enerxías renovables derivadas de biomasa vexetal basándose na premisa de que a combustión de biomasa, independentemente da fonte de biomasa, non resultará nunha acumulación de carbono na atmósfera. Esta asunción errónea resulta nun serio erro de contabilidade.

Producir enerxía a partir da biomasa implica reducir as emisións de GEIs. Pero queimar biomasa aumenta a cantidade de carbono no aire (igual que queimar carbón, petróleo ou gas) se colleitar a biomasa diminúe a cantidade de carbono almacenado en plantas e solos, ou reduce o secuestro de carbono en curso (que se está a producir). Dous importantes factores que determinan se a bio-enerxía reduce o carbono na atmósfera en comparación cós combustibles fósiles son onde e como se produce e colleita a biomasa. Polo tanto, a lexislación que promove a substitución de combustibles fósiles por bio-enerxía, independentemente da fonte de biomasa, pode incluso resultar nun incremento de emisións de carbono, acelerando dese xeito o quecemento global. Está amplamente asumido que a combustión de biomasa é inherentemente "carbono neutral" porque só libera carbono tomado da atmósfera durante o crecemento das plantas. Non embargante, esta asunción non é correcta e resulta nunha forma de dobre contabilidade porque ignora o feito de que ao usar terras para producir plantas para enerxía implica normalmente que esas terras non producen plantas para outros fins, incluíndo o carbon que secuestrarían. Se os cultivos para bioenerxía desplazan bosques, diminúen bosques ou reducen o crecemento dos bosques, que doutro xeito secuestrarían máis carbono, pode incrementar a concentración de carbono atmosférico. Se os cultivos para bioenerxía desplazan os cultivos de alimentos, isto pode provocar máis fame se as colleitas non se reemplazan ou xenerar emisións polo cambio do uso da terra se son reemplazadas. Para reducir o carbono no aire sen sacrificar outras necesidades humanas, a produción de bio-enerxía debe aumentar a cantidade total de plantas producidas, suministrando máis plantas para uso enerxético ao tempo que se manteñen outros beneficios, ou debe derivarse de residuos de biomasa que se descomporían sen ser usados pola xente nin contribuir ao secuestro de carbono.

As consecuencias potenciais de este erro de contabilidade na bio-enerxía son inmensas. Basados na asunción de que calquera queima de biomasa non engadirá carbono ao aire, diversos informes teñen suxerido que a bio-enerxía podería ou debería proporcionar o 20-50% das necesidades mundiais de enerxía nos vindeiros decenios. Para conseguir iso habería que duplicar ou triplicar a cantidade total de material vexetal actualmente colleitado en todas as terras do planeta. Semellante incremento na cantidade de material colleitado competiría con outras necesidades, como as de suministrar alimento para unha poboación en aumento, a imporía enormes presións sobre ecosistemas terrestres do planeta. Aínda máis, as colleitas actuais, aínda que inmensamente valiosas para o benestar humano, teñen causado unha enorme perda de hábitat afectando quizáis ao 75% das terras non cubertas por xeo ou desertos, mermandon os subministros de auga e liberando grandes cantidades de carbono á atmósfera.



Baseándose na opinión sobre bio-enerxía de 2008 o Comité Científico da Agencia Europea de Medio Ambiente recomenda que:

- As regulacións e obxectivos das políticas da UE deben revisarse para promover o uso de bio-enerxía só a partires de biomasa adicional que reduza as emisións de GEIs, sen desplazar outros servicios dos ecosistemas como o subministro de alimentos e a produción de fibra.
- Os estándares para contabilizar os GEIs deben reflectir completamente todos os cambios nas cantidades de carbono almacenadas nos ecosistemas e nas entradas e saídas de carbono dos ecosistemas que resulten da produción e uso de bio-enerxía.
- As políticas sobre bio-enerxía deben promover a produción de enerxía a partires de sub-productos de biomasa, desechos y residuos (agás se son precisos para manter a fertilidade do solo). As políticas sobre bio-enerxía deben tamén promover a produción integrada de biomasa que se engada a produción de alimentos e non desplace a ésta.
- A nivel mundial, os centros de decisión e as partes interesadas deberían axustar as expectativas globais de uso de bio-enerxía a niveis baseados na capacidade do planeta para xenerar biomasa adicional, sen poñer en perigo os ecosistemas naturais.